

The page features a decorative graphic consisting of three blue circles of varying sizes, each with a lighter blue ring around its center. These circles are arranged vertically and are connected by thin blue lines that extend from the top-left and bottom-right corners of the page towards the circles.

Plan de Integración das Tecnoloxías
da Información e da Comunicación

IES A XUNQUEIRA 1

INTRODUCCIÓN.

O sistema educativo non pode quedar á marxe dos novos cambios sociais, económicos e tecnolóxicos, por elo, a Lei Orgánica 2/2006, del 3 de Maio de Educación, inclúe importantes referencias o tratamento das TIC, tanto no Preámbulo como nos principios, fins, obxectivos e na formación do Profesorado. inclúe así mesmo as TIC's como Competencia Básica a desenvolver en toda a Educación Obrigatoria.

A Xunta de Galicia concretando a LOE desenvolveu novo currículo educativo para Educación Secundaria Obrigatoria (Decreto 133/2007) incidindo na importancia da competencia do “tratamento da información e a competencia dixital” así como a elaboración dun Plan de Integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación en todos os centros educativos, creando condicións favorables para o uso das TIC nas aulas.

Polo tanto, a integración das tecnoloxías da información e a comunicación é una esixencia da sociedade expresada na nova Lei Orgánica de Educación. Esixencia encamiñada a acadar que as novas xeracións obteñan o máximo proveito dos cambios que estanse a producir na sociedade da información, coa incorporación de Internet e as ferramentas multimedia nos centros educativos.

Dende fai xa varios cursos a utilización dos medios informáticos e audiovisuais (TIC's) na educación experimentou un pulo evidente e, o noso centro, non foi alleo a dita inquietude.

Cremos que chegado a este punto, faise necesario recoller nun plan de traballo aquelas liñas básicas de actuación, consensuadas e asumidas pola Comunidade Educativa, que potencie a integración curricular das TIC's converténdoo nun instrumento útil para desenvolvemento de todas as competencias básicas e de mellora nos procesos ensinanza – aprendizaxe.

“La práctica educativa en la sociedad actual, implica necesariamente una integración curricular de las Tecnoloxías de la Información y Comunicación, que ha de llevarse a cabo desde tres perspectivas distintas: una, la consideración del conjunto de destrezas y competencias que suponen el uso de las TIC para profesores y alumnos; otra como potente recurso en manos del profesor, medio eficaz y motivador de presentación y tratamiento de la información orientado a fomentar procesos de organización del conocimiento del mundo que tiene el alumno, y la tercera como agente de cambio, por el impacto que suponen respecto a los modos de acceder al conocimiento, al intercambio de información y a la metodología de los procesos de enseñanza-aprendizaje. Se formula la propuesta de que los centros confeccionaran y llevaran a la práctica planes descentralizados y contextualizados que supusieran un auténtico desarrollo curricular de las TIC con carácter transversal en las distintas áreas instrumentales. Además se analizan las implicaciones de la propuesta respecto de los distintos elementos que se dan cita en el proceso educativo.”

Francisco Javier Pariente Alonso

ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA.

Para poder analizar a implantación das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa elaboraranse enquisas entre o alumnado e o profesorado. O resultado destas enquisas incorporámolo como anexos 1 e 2 a este Plan e a modo de resumo diremos:

Alumnado:

- ❖ **O 92 % do alumnado do Centro dispón de ordenador na casa e o 76 % con Conexión a Internet. En 1º da ESO ten ordenador o 79 % e en 1º de BACH o 99 %.**
- ❖ **3 de cada 4 alumnos/as conéctanse a Internet varios días á semana e o 40 % conéctanse a diario. En 1º de BACH. o 72 % do alumnado conéctase a diario a Internet.**
- ❖ **O 55 % do noso alumnado sentiríase máis motivado se o profesorado utilizase as novas tecnoloxías como instrumentos pedagóxicos.**
- ❖ **O 82 % usan o correo electrónico pouco ou nunca. So o 16 % úsao con frecuencia.**
- ❖ **Polo contrario o 83 % dispón de conta en tuenti, e o 25 % en facebook. En 1º da ESO o 54 % do alumnado ten conta en tuenti e en 1º de BACH. subimos ó 91 %.**
- ❖ **O 35 % dos proxenitores non usan nunca o ordenador. Polo tanto temos que o 65 % das familias do alumnado manexan o ordenador e se conectan a Internet.**

OBXECTIVOS

De cara ó alumnado.-

- ▲ Utilizar programas e entornos que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas de contido:
- ▲ Potenciar a comunicación con outros compañeiros e compañeiras
- ▲ Espertar o interese por coñecer cousas diversas e darlles as pautas para acceder á información precisa. Potenciar seu razoamento e o afán de coñecemento.
- ▲ Usar o ordenador como medio de investigación para ampliar coñecementos e elaborar pequenos proxectos a nivel individual e/o colectivo.
- ▲ Usar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación, de potenciación de valores sociais e de expresión das ideas de cada un.
- ▲ Atenuar ou corrixir as diferenzas entre o alumnado do Centro en relación ó acceso e uso das novas tecnoloxías provocadas polas distintas situacións económico-sociais.

De cara ó profesorado.-

- ▲ Usar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través do seu uso, de aproveitar a información que delas poida sacar, e para mellorar o proposta pedagóxica a través do seu uso.
- ▲ Empregar os ordenadores para o traballo ordinario e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas, circulares, información ás familias, etc.
- ▲ Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais: concursos, cursiños de formación, convocatorias...como de temas interesantes para a súa actividade docente.
- ▲ Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/o participar en tertulias, debates, chats, a través de Internet.
- ▲ Favorecer os foros e o intercambio, pero tamén a participación do profesorado na creación e evolución de páxinas Web, ou páxinas de información e debate do Centro, da Comunidade Educativa, e de dar a coñecer nosas inquietudes, ideas e alternativas.

De cara ó resto da Comunidade Educativa.-

- ▲ Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o seu entorno: follas informativas, páxinas Web, correo electrónico, no que se divulgue o Centro e a súa oferta educativa, diferentes informacións, relación coa ANPA, e intercambio de información coas familias.
- ▲ Manterse informado de todo o relacionado a Leis, información educativa e normativa, así como de convocatorias, competencias e demais temas legislativos a través da Xunta e organismos competentes.
- ▲ Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa: periódico escolar, páxina web, Semana Cultural, Foros e debates a través de Internet, enquisas, etc.

- ▲ Intensificar o uso das TIC co fin de unificar todos os documentos do Centro e todas as informacións co mesmo formato, potenciando o correo electrónico como medio de contactar coas familias.

ESTRATEGIAS PARA A ELABORACIÓN, COORDINACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN

Coordinador Tic.-

O coordinador Tic será nomeado pola dirección do Centro por un período de ¿? Cursos. Terá unha adicación no seu horario de ata ¿? horas semanais.

Funcións:

- Dinamizar e promover o uso das Tics do Centro
- Representar ó Centro nas actividades relacionadas coas novas tecnoloxías
- Recoller as necesidades de formación do profesorado e promover a súa participación nas actividades de formación.
- Colaborar co profesorado na planificación e preparación das actividades relacionadas coas Tics.
- Recoller na memoria anual as actividades do curso.
- Revisar e actualizar o Plan das Tics.

Equipo de coordinación das Tics.

De existir dispoñibilidade horaria, o profesorado pertencente ó equipo de coordinación debería ter unha adicación no seu horario de ata ¿? horas semanais e estará composto por:

- O coordinador/a Tic.
- O Xefe/a do Departamento de Tecnoloxía. Levará o mantemento de Google Apps.
- O profesor /a que imparta a materia de Informática. Encargarase do mantemento das aulas de informática e de Moodle.
- O Secretario do Centro. Levará o mantemento e actualización da páxina web.
- Profesorado interesado.

Funcións:

- Avaliar e actualizar o Plan Tic.
- Recibir, coñecer e catalogar software, materiais e recursos de novas tecnoloxías que chegan ó Centro.
- Manter actualizados os recursos Tics do Centro.
- Suxerir actividades tics para traballar os aspectos curriculares en cada Curso.
- Mantemento das aulas de Informática.
- Mantemento dos espazos Web: páxina web, Google Apps, Moodle, ...

Estratexias de coordinación do profesorado das diferentes áreas e niveis educativos.

O currículo da ESO establece que en 2º e 3º todo o alumnado cursará a materia de Tecnoloxía, e nela inclúense contidos específicos das novas tecnoloxías, así no Centro

estableceremos estratexias para complementar estes contidos e acadar unha maior formación do alumnado en relación ás Tics.

1º da ESO.- Entre o profesorado titor e o equipo de coordinación das Tics aproveitando parte do horario da titoría, do proxecto interdisciplinar e algunhas faltas de profesorado no inicio do curso traballarán co alumnado o manexo da Aula Virtual e do espazo Moodle. Tamén tentarase que dentro dos proxectos interdisciplinares inclúanse as novas tecnoloxías como método de traballo.

2º e 3º da ESO.-

4º da ESO.- Neste curso a maioría do alumnado cursa a materia de Informática cunha adicación de 3 horas semanais, polo que as actuacións neste curso deben seguir as pautas marcadas por dita materia.

Todo o alumnado novo no Centro deberá ser formado no manexo do espazo Moodle e da Aula Virtual polo que se organizarán actividades encamiñadas a acadar tal fin, tentando interferir o menos posible co horario lectivo do alumnado.

INFRAESTRUCTURAS E RECURSOS DISPOÑIBLES

Inventario do equipamento Tic

Á hora de inventariar o equipamento Tic diferenciaremos o hardware informático (anexo 3) despregado por todo o Centro do resto das aplicacións das que dispoñemos no instituto, a saber:

- Páxina Web, onde destacan os espazos de Biblioteca e Videoteca (Pódense consultar os máis de ¿? Rexistros que temos), Espazo do profesorado,
- Aula Virtual onde alumnado e profesorado teñen conta de correo de Google Apps con tódolos servizos que inclúe:
 - Conta de correo con 25 Gb. De capacidade
 - Google Docs
 - Calendario
 - Picasa
 - Youtube
 - Páxinas Web
- Moodle
- Blogs
- Xade

Organización das aulas Tics.

É imprescindible organizar o uso dos espazos comúns que teñen adicación específica ás novas tecnoloxías:

- ▲ **Vídeo:** A aula terá un uso preferente para actividades que precisen do uso do equipamento alí instalado. No inicio de cada curso elaborárase un calendario de dispoñibilidade da aula. O profesorado que necesite o seu uso anotarase nel. No caso de necesitar un uso reiterado e programado da aula o profesorado deberá coordinar co equipo Tics para un mellor uso da aula.
- ▲ **Informática 1 e 2:** Serán de uso exclusivo para actividades que precisen do uso dos ordenadores por parte do alumnado. No inicio de cada curso elaborárase un calendario de dispoñibilidade da cada unha das aulas e nelas reservarase o uso que necesiten as materias de Informática de cuarto da ESO, Tecnoloxía da Información e da Comunicación de 1º de Bach., e o adicado á informática dentro da Tecnoloxía de 2º, 3º e 4º. No resto das materias o seu uso será esporádico apuntándose no correspondente calendario, e no caso de necesitar un uso prolongado das aulas deberase coordinar co equipo Tics.

FOMENTO DO ACCESO ÁS TICS EN IGUALDADE DE CONDICIÓNS POR PARTE DE TODO O ALUMNADO.

Coñecida a orixe social de clase medio-baixa ou baixa da maior parte do noso alumnado, o Centro debe buscar estratexias que faciliten o uso das novas tecnoloxías ó alumnado que non dispoña de acceso no entorno familiar.

Estas estratexias pasan por:

- ▲ Facilitar o uso dos ordenadores das aulas de informática nos tempos de lecer
- ▲ Permitir ó alumnado o acceso ós ordenadores da Biblioteca fora do horario lectivo
- ▲ Percurar alternativas ó alumnado que non dispoña de acceso ás Tics na casa á hora de elaborar e presentar actividades docentes.
- ▲ Ó alumnado con NEE traballará, dentro do horario de Pedagogía Terapéutica, as novas tecnoloxías con programas que faciliten o seu aprendizaxe.

ACTUACIÓNS A CORTO E MEDIO PRAZO

Son moitas as actuacións que temos que executar para acadar os obxectivos propostos, na maioría dos casos atopámonos coa situación económica restritiva que actualmente vivimos. De todos xeitos tentaremos:

- Instalar unha rede cos ordenadores das aulas de informática
- Instalar unha rede cos ordenadores da sala de profesores.
- Realizar cursos de formación do profesorado en Moodle, Google Apps, creación de páxinas web, ...
- Renovar e actualizar os equipos con maior antigüidade do Centro.
- Incorporar software que facilite a relación entre os docentes e as familias en todo o relacionado coa práctica educativa e coas xestións de carácter administrativo ou informativo.
- Estudar a necesidade ou conveniencia de incorporarse ó proxecto Abalar da Xunta de Galicia

AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PLAN

Criterios de avaliación:

Avaliación dos aspectos relacionados co alumnado:

- Favorécese a comunicación do alumnado co seu entorno.
- Potenciase o uso de novos entornos de aprendizaxe.
- A integración TIC supón construción de coñecemento.
- Melloran as habilidades de pensamento crítico.
- Adquírense valores relacionados co uso das TIC.
- Estimúlase o interese por aprender en alumnado con NEE.
- Foméntase o traballo cooperativo.

Avaliación dos aspectos relacionados co docente

- Incorporáronse Tics como instrumentos cognitivos no desenvolvemento de Unidades Didácticas.
- Participouse activamente na valoración, adaptación e deseño de recursos.
- Traballáronse modelos de ensinanza do tipo. (“Apréndese facendo”)
- A formación recibida é de utilidade na docencia diaria.

Avaliación dos aspectos relacionados co proceso

- Os recursos son adecuados e utilízanse de forma eficaz.
- A organización de recursos é idónea.
- A difusión e coñecemento do Plan Tic é adecuada.
- Existe compromiso de todos os participantes: alumnado, profesorado, familias, etc.
- Observase especial incidencia na práctica docente e familiar.
- O traballo do coordinador Tics é adecuado

Periodicidade das revisións:

- O seguimento do Plan realizarase basicamente nas reunións do Equipo de Coordinación Tics.
- Ó final de cada curso escolar avaliarase a totalidade do plan elaborándose unha memoria detallada das actividades do curso así como unha proposta de mellora de cara ó curso vindeiro.

Identificación de aspectos de mellora

- Ó final de cada curso débese establecer o proceso polo que todo profesorado poida propoñer medidas de mellora cara ó curso seguinte. Recolleranse tamén as suxerencias aportadas por familias e alumnado
- Cada dous cursos realizarase unha enquisa de valoración do Plan por parte dos diversos sectores: profesorado, familias e alumnado.
- Os aspectos de mellora detectados suporán o deseño de pequenos Plans de acción para o curso seguinte, que tentará corrixir as deficiencias.

Modificacións e axustes

Unha vez avaliados positivamente os Plans de acción levados a cabo para corrixir os aspectos de mellora, modificaranse os apartados necesarios do Plan. De ditas modificacións informarase aos sectores da Comunidade Educativa que se vexan implicados.

ANEXO 1

ENQUIA SOBRE O USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NO ALUMNADO E AS SÚAS FAMILIAS



Datos xerais da enquisa:

Mostra: 326 alumnos (52 %) e alumnas (48 %) de entre 1º da ESO e 1º de Bach. A mostra supón o 57 % do alumnado do Centro.

Cuestións: 16


Datas de realización: Entre os meses de Decembro, Xaneiro e Febreiro do curso 2011/12.

Obxectivo: A enquisa pretende coñecer a implantación que as novas tecnoloxías relacionadas coa educación teñen no noso alumnado e nas súas familias.





EQUIPAMENTO NA CASA

Pregunta: ¿Na túa casa tes?





USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS POR PARTE DO ALUMNADO


Preguntas: ¿ Con que frecuencia empregas o ordenador? ¿E internet?



Pregunta: ¿Utilizas o Correo Electrónico? ¿Qué Redes Sociais empregas?




Pregunta: ¿Empregas o ordenador para facer traballos, exercicios das materias ou aclarar dúbidas de clase?




PERCEPCIÓN DO ALUMNADO DA RELACIÓN ENTRE NOVAS TECNOLOXÍAS E RENDEMENTO ACADÉMICO


Pregunta: ¿O profesorado que tiveches ou tes usan as novas tecnoloxías (ordenadores, canóns, pizarras electrónicas, etc.)?



Pregunta: Se o profesorado utilizase o correo electrónico, páxinas web, redes sociais como instrumento de ensinanza, pensas que estarías




Pregunta: Se o profesorado utilizase o correo electrónico, páxinas web, redes sociais como instrumento de ensinanza pensas que o alumnado estaría




USOS DAS NOVAS TECNOLOXÍAS POR PARTE DAS FAMILIAS


Pregunta: Na túa casa, o teu pai ou a túa nai utiliza Ordenador



Pregunta: Na túa casa, o teu pai ou a túa nai utiliza Internet







Pregunta: Na túa casa, o teu pai ou a túa nai utiliza Correo Electrónico




ANEXO 2. ANÁLISE DA ENQUISA ENTRE O PROFESORADO SOBRE A PREPARACIÓN NAS TICs E O SEU USO NAS AULAS.

Análise da enquisa profesorado e novas tecnoloxías:


Enquisa realizada no curso escolar 2011/12 entre o profesorado do Centro. Respostaron 30 dos pouco máis de 60 docentes que compoñían o Claustro.




A maior preparación o uso sería



Sistema de formación máis axeitado



Demanda de formación



ANEXO 3

Aula ou Dpto.	P.C	Portatil	Impresora	Canón
Secretaría	3	2	3	2
Aula Música 2	1			1
Dirección	1	1	1	
Xefatura	1		1	
Conserxería		1	1	
Sala Profes. II	1			
Sala Profes. I	5		2	
Dto. Relixión	1		1	
Informática I	14		1	1
Informática II	13		1	1
Aula Vídeo	1			1
Dto. Galego	1		1	
Dto. Grego	1		1	
Dto. Latín	1		1	
Aula Música I	1		1	1
Aula D. Técn.	1		1	1
Aula Aten.Alum.	1		1	
Aula Apoio	2		1	
Dto. Orientación	1		1	
Biblioteca	4		1	
Dto. Filosofía	1		1	
Dto. L. Castelá	1		1	
2º Bach. E				1
2º Bach. D				1
2º Bach. C				1
2º Bach. B				1
2º Bach. A				1
Dto. FeQ	1			
Labor. Química				1
Dto. CCNN	1		1	1
Dto. Hª	1		1	1
Dto. Matemátic.	1			
1º Bach. C				1
3º ESO C				1
4º ESO C				1
1º Bach. A				1
1º Bach. B				1
1º Bach. D				1
1º Bach. E				1
Dto. Inglés	1			1
Dto Francés	1			1
Aula Volumen				1
Aula D. Artíst.				1
Aula Usos Múltip				1
Taller Tecn. I	2			1
Dto. Tecnol.	1			
Taller Tecn. II	1			1
Dto. Debuxo	1		1	
Dto. Economía	1		1	
Dto. Ed.Física	1	1	1	
TOTAL	69	5	27	30

